



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CABANAS

*Retribucións do persoal en situación de ILT*

### EDICTO.

O pleno da Corporación do concello de Cabanas en sesión realizada o 8 de novembro de 2012, acordou:

**Primeiro.** Aprobar os complementos por incapacidade temporal dentro dos límites establecidos, adheríndose na súa totalidade ás establecidas para a Administración Xeral do Estado, reguladas na Disposición adicional 18ª do Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garanti-la estabilidade orzamentaria e do fomento da competitividade.

Ao persoal funcionario e laboral do Concello de Cabanas, acollidos ao Réxime Xeral da Seguridade Social se lle recoñecerán os seguintes complementos:

1ª. Nos supostos de que a incapacidade temporal derive de continxencias comúns, ata o 3º día, se lle recoñecerá un complemento retributivo do 50% das retribucións que se viñeran percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade. Dende o día 4º ata o 20º, ámbolos dous inclusive, se recoñecerá un complemento que sumado á prestación económica recoñecida pola Seguridade Social sexa equivalente ao 75% das retribucións que viñeran correspondendo a dito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade. A partir do día 21º, inclusive, se lles recoñecera unha prestación equivalente ao 100% das retribucións que se viñeran percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

O Concello de Cabanas determinará respecto ao seu persoal, os supostos nos que con carácter excepcional e debidamente xustificado o complemento alcance o 100% das retribucións que viñeran disfrutando en cada momento. A estes efectos, se considerarán en todo caso debidamente xustificadas os supostos de hospitalización e intervención cirúrxica.

2ª.. Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais, a prestación recoñecida pola Seguridade Social será complementada durante todo o período de duración da mesma, ata o 100 % das retribucións que viñera percibindo dito persoal no mes anterior ao do causarse a incapacidade.

3ª. O presente acordo producirá efectos nos procesos de incapacidade temporal que teñan inicio a partires da súa entrada en vigor.

**Segundo.** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, entrando en vigor ao día seguinte ao da súa publicación e en todo caso, entenderase que entra en vigor aos tres meses da publicación do Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade”’.

Cabanas a 9 de novembro de 2012

O ALCALDE

Asdo. Germán Castrillón Permuy.

2012/14134